



## A AELG fía o novo roteiro “A Coruña de Luísa Villalta”

[CULTURA](#)

Publicada o 22 Maio, 2024

<https://xornaldacoruna.gal/2024/05/22/a-aelg-fia-o-novo-roteiro-a-coruna-de-luisa-villalta/>

Xa temos percorrido no [marco do Roteiro dos Medios en Galego, parte da historia de Luisa Villalta na nosa cidade](#). A AELG Asociación de Escritoras-es en Lingua Galega vai profundizar no [Roteiro A Coruña de Luísa Villalta: os sotos baixo a pel de cemento](#), guiado por [Inma Otero Varela](#) que terá lugar **o sábado 25 de maio, a partir das 12:00 horas**, na cidade da Coruña.

Otero é unha autora do país que exercerá de guía facendo posible que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria. A partir do poemario [En concreto](#) e da novela [Teoría de xogos](#) pódese trazar un mapa social e mítico da Coruña oculta, a que se sitúa do lado que perde, malia a ser a trabe da cidade. Luísa Villalta reivindica as marxes, tamén as urbanas, na encrucillada que abeira o novo milenio. Formigón, leiras, ríos soterrados e vento vixiado polo ollo do faro balizan todos os espazos.

As persoas interesadas poden inscribirse no correo electrónico [oficina@aelg.org](mailto:oficina@aelg.org), indicando o seu nome e apelidos. A inscrición realizarase por orde cronolóxica de chegada das solicitudes, dándose a coñecer ás persoas anotadas o punto de saída.

**A CORUÑA DE  
LUÍSA VILLALTA:  
OS SOTOS BAIXO  
A PEL DE  
CEMENTO**

**CON  
INMA  
OTERO  
VARELA**

**INSCRICIÓN DE  
BALDE NO  
CORREO:  
oficina@aelg.org**

**Prazas limitadas**

**SÁBADO 25 DE MAIO  
12.00 HORAS**



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

CO APOIO DE



**Concello da Coruña**

